

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, a través dos seus deputados **Xabier Ron Fernández** e **Ramón Vázquez Díaz**, e ao través da súa voceira **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre a **destrución do patrimonio arqueolóxico no complexo de arte rupestre de Campo Lameiro**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de xaneiro de 2014 Alternativa Galega de Esquerda rexistraba unha iniciativa en que daba conta das prácticas nepotistas que se agochaban detrás da concesión á empresa **Espiral Xestión Cultural** para encargarse do Parque Arqueolóxico de Arte Rupestre de Campo Lameiro (Pontevedra) e o da Cultura Castrexa Lansbrica de San Cibrao de Lás (Ourense). As dúas concesións supuñan máis 1,1 M€ de diñeiro público. Nesa mesma iniciativa solicitabamos, mais o PP votou en contra en Comisión cando a defendimos, non só paralizar os procesos de privatización da xestión destes parques arqueolóxicos, senón que tamén pedíamos reverter a adxudicación realizada a Espiral Xestión Cultural do Parque Arqueolóxico de Campo lameiro por existir indicios suficientes sobre a ética á hora de concedela.

Hoxe, cando está a punto de procederse a unha nova adxudicación, temos que lamentar que AGE tiña razón: a privatización de Campo Lameiro supuxo un desbaldimento de diñeiro público que, ademais, puxo en perigo o noso patrimonio arqueolóxico de arte rupestre máis importante.

Espiral Xestión Cultural creouse no ano 2012, despois de que a precedente, Ingenia QED, entrara en concurso de acredores. Dous dos seus traballadores, un deles destacado membro do Partido Popular, foron os creadores de Espiral Xestión Cultural.

Nestes anos, desde o 2012, ate finais do 2014, o Parque Arqueolóxico de Campo Lameiro vive unha situación dramática:

- Área arqueoloxica abandonada, visible nos seguintes aspectos:
  - Sendeiros arrasados pola auga, que dificultan o paseo para as persoas visitantes e provocan caídas e escordaduras.
  - O peche do poboado está en pésimas condicións.
  - Destrucción patrimonial dun petroglifo de incuestionable valor, logo de limpar a zona cun tractor desbrozador con cadeas sen garantir a seguridade da zona a limpar, o que sinala carencia de planificación, organización e control das obras de desbravado da área arqueolóxica declarada zona BIC.
  - As zonas de exposición no recinto do centro de interpretación con eivas, xa que hai paneis que non funcionan, o cal dificulta o acceso á información necesario e obxectivo primeiro dun centro de interpretación.
- Outros aspectos non menores indican unha nefasta xestión, ou, inciden en que unha empresa privada só procura beneficios a toda costa, prescindindo dos elementos de calidade dun servizo que debера ser de xestión plenamente pública:
  - Sobredimensionamento do público asistente ou sexa maquillaxes de datos económicos.

- Carencia de libro de reclamacións ou de rexistro de incidencias (necesario nos casos, por exemplo, en que ten que acudir unha unidade do 061 cando unha persoa cae, o cal non é raro nun Parque que ofrece sendeiros con fochancas).
- Degradación das condicións do servizo a través de non dotar do persoal necesario para a realización das actividades previstas no servizo e, en consecuencia, degradación das condicións laborais e salariais de traballadores e traballadoras.
- Un terceiro aspecto ilustra perfectamente que o fin é económico e non social:
  - Durante o 2014, dentro do proxecto europeo **GESTART. Artistic Gestures revisiting European Artistic diversity and convergence**, pertencente ao programa europeo **Cultura**, realizáronse diversas actividades, todas elas de carácter gratuíto, tal como consta na publicidade do propio parque e, no entanto, sabemos que se cobrou entrada nalgunha das actividades, tal como a visita guiada teatralizada “O Retorno”.

Por todo o exposto, o grupo parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta ao goberno da Xunta a:

- 1) Realizar unha auditoría sobre a xestión da empresa Espiral Xestión Cultural para determinar de forma clara como se gastou o diñeiro público, así como determinar a veracidade dos datos contables sobre asistencia de público, salarios de traballadores e directivos, e gastos para o correcto mantemento do parque arqueolóxico.
- 2) Sancionar de forma inmediata á empresa Espiral Xestión Cultural pola destrución dun petroglifo e por incumprir as condicións do servizo que se presta.

- 3) Facer responsable dos gastos de restauración de toda a área arqueolóxica á empresa Espiral Xestión Cultural
- 4) Reverter a situación actual e xestionar de forma plenamente pública o parque arqueolóxico.
- 5) No caso de manterse a xestión a través dunha empresa privada, non adjudicar o servizo do parque á empresa Espiral Xestión Cultural.

Compostela, 15 de xaneiro de 2015.

Asdo.: Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 15/01/2015 12:59:37**

**Ramón Vázquez Díaz na data 15/01/2015 12:59:44**

**Yolanda Díaz Pérez na data 15/01/2015 12:59:50**